

NOTA DE PRENSA

A **Asociación Galega para a Defensa dá Sanidade Pública** tivo coñecemento dunha reunión da Xerencia do Complexo Hospitalario de Vigo cos xefes de Servizo do centro, (dia 22 de setembro), na que se expuxo os plans da Consellería de Sanidade de modificar o Plan Funcional do Novo Hospital, elaborado de xeito consensuado e participativo por todos os estamentos deste centro, **para recortar o número de camas previsto no mesmo que pasarán de 1.400 a 900**, co que o centro perderá o carácter estratéxico que tiña previsto.

Esta decisión, que foi **contestada e rexeitada por gran parte dos xefes clínicos** presentes na reunión, vén corroborar o que desde a nosa Asociación vimos denunciando desde fai algúns meses:

1.- **Que se pretende abandonar o proxecto de unificar todos os recursos hospitalarios de Vigo** nun só centro que incorporaba á poboación atendida ata agora polo Hospital privado POVISA. Esta decisión mostra a capacidade deste centro para condicionar a planificación sanitaria da área de acordo aos seus intereses.

2.- Consideramos que non é allea a esta decisión o que **a nova Xerenta do SERGAS teña xerenciado ata fai uns meses o Sanatorio da Esperanza** de Santiago pertencente ao Grupo POVISA.

3.- Isto supón **renunciar ao carácter estratéxico do novo hospital**, que pretendía acabar co déficit de camas que padece a área desde fai anos, crear unha soa porta de entrada de urxencias, incorporar servizos de referencia actualmente en mans privadas (entre eles un centro avanzado no tratamento do cancro), ou dotar á Área de tecnoloxías avanzadas.

4.- Desde a nosa Asociación, **rexeitamos esta decisión e volvemos reiterar un chamamento a:**

- **Os profesionais do centro:** Aos que se escamotea un Plan en cuxa elaboración participaron activamente (realizando un importante esforzo), que pretendía colocar ao CHUVI entre os máis avanzados de Galicia
- **Os cidadáns da área de Vigo:** Que manterán os actuais problemas de dispersión e falta de recursos, especialmente os de Cangas, Moaña, Coia e Val Miñor.

Para mobilizarse en contra dunha decisión que só pretende satisfacer intereses empresariais privados.

En Vigo a 22 de Setembro de 2009.

Manuel Martin
Portavoz AGDSP